

ROGELIO GROBA

(1930, Guláns, Pontevedra).

Estudou no Real Conservatorio de Música de Madrid, onde obtivo o título Superior en Composición con primeiros premios en Harmonía e en Contrapunto e Fuga. En 1962 trasladouse a Suíza, país no que residiu sete anos, onde obtivo o Premio Internacional de Composición Dante Luini convocado pola Radio Televisión Suisse Romande. Alí se chegaron a celebrar catro festivais co seu nome en recoñecemento da súa labor artística.



De volta a España foi nomeado director da Banda-Orquestra Municipal de A Coruña, cargo que exerceu durante 23 anos. Ao tempo fundou a Orquestra do Conservatorio Superior de Música de A Coruña e a Orquestra de Cámara Municipal. Foi profesor de Contrapunto e Fuga, Harmonía, e Composición no devandito Conservatorio, que tamén dirixiu durante 20 anos, e fundou varios conservatorios dentro da xeografía galega.

Da súa discografía destacan a gravación feita pola Stuttgart Kammerorchester baixo a dirección de Maximino Zumalave de *Cantigas de Mar* e *Intres boleses*, ou as realizadas pola London Symphony Orchestra: *Gran Cantata Xacobeá* (dobre CD), co coro London Voices; o *Concerto para violín e orquestra nº 2 "Confidencias"*, con Pedro León como solista (as dúas ocasións dirixida polo propio Groba); e o *Concerto nº 1 para cello e orquestra "Fauno"*, dirixido por Andrew Litton e con Mats Lidstrom como solista. Tamén cómpre salientar as feitas pola Orquestra de Cámara Galega do *Concerto para dous violíns e orquestra "Arcaico"* (no que actúan como solistas o seu fillo Rogelio e máis Javier Cedrón), e do *Concerto nº 2 para cello e orquestra "Añoranzas"* (coa súa filla Clara como solista), así como da suite *Intres boleses*.

Autor de ensaios e libros como *252 alalás*, dende 1990 adícase só á creatividade musical, eido no que foi recoñecido co Premio da Crítica Galega (1979), o Premio Xunta de Galicia da Cultura (1992), a Medalla Castelao (1995), o Premio Internacional de Composición Auditorio de Galicia (2004), ou o nomeamento como Fillo Predilecto da súa vila natal en 2005. É membro do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, de Madrid. Dende 2002 preside a Fundación Rogelio Groba, clasificada "De Interese Cultural" e "De Interese Galego" polo goberno galego.